

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 34143 (10/POC-005420)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a anulación xudicial da licenza de actividade e obra da empresa de pirotecnia "La Gallega," de Tui
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 37719 (10/POC-005953)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación do Centro Galego de Desenvolvemento Integral, Cegadi, do equipamento necesario para ofertar terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía, como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018
- 1.3 39029 (10/POC-006124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da continuidade dos grupos de emerxencia supramunicipal, o asinamento dos convenios para o seu financiamento e funcionamento e a introdución dalgún cambio nestes, así como a súa opinión referida á situación laboral e salarial destes grupos e a avaliación que fai da súa dotación de medios materiais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 30982 (10/PNC-002493)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego de plans de formación no respecto aos dereitos humanos dirixidos ao persoal funcionario autonómico, en especial aos que levan a cabo o seu labor con persoas ao límite da exclusión social, así como a realización nos centros educativos de

cursos específicos de formación na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

- 2.2 37543 (10/PNC-003014)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas actuacións da actual familia titular do pazo de Meirás para evitar a súa devolución ao patrimonio publico, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno central para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018
- 2.3 37816 (10/PNC-003036)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre o establecemento por parte do Goberno galego, en coordinación coa Fegamp, dun plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que lles garanta cada tempada aos concellos unha dotación de efectivos conforme criterios homologados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34143(10/POC-005420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a anulación xudicial da licenza de actividade e obra da
empresa de pirotecnia La Gallega, de Tui

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración, Xustiza e Interior**.

No ano 2013, o entón alcalde de Tui outorgaba licenza de actividade e obra (con informes desfavorables) da empresa de pirotecnia “La Gallega”, cuxo dono acaba de ser detido como presunto responsable da explosión dun almacén ilegal na parroquia de Páramos, en Tui. Estas licenzas foron botadas abaixo no ano 2014, cando o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra ditaba sentenza que as anulaba por irregularidades, sentenza que xa é firme porque así o confirmou o TSX de Galicia. Ese mesmo Xulgado de Pontevedra leva meses requirindo ao Concello para que execute a dita sentenza (en concreto, para a demolición da obra, peche e reposición da legalidade urbanística), a última vez o pasado día 3 de maio.

Cómpre lembrar que en Tui cogoberna o partido Popular dende o día 17 de outubro de 2017, como consecuencia da moción de censura apoiada polos 4 concelleiros do PP máis outros 3 das súas propias escisións e en virtude dun acordo programático asinado entre D. José Manuel Cores Tourís (secretario xeral do PP de Pontevedra e delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra) e D. Garcilaso de la Vega López (secretario xeral de CXXI). A moción de censura desbancaba a un alcalde socialista, que gañara as eleccións municipais, e deixara ao PP sen unha alcaldía clave na provincia de Pontevedra.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre a anulación xudicial da licenza de actividade e obra da empresa de pirotecnia “La



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Gallega” de Tui e outorgada en 2013 (con informes desfavorables) polo entón alcalde?
2. Que ten que dicir o Goberno ante o incumprimento polo Concello de Tui da execución da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra?
 3. Sabe o Goberno si a Concellería de Seguridade Cidadá do Concello de Tui realizara algunha inspección especial en relación á actividade da empresa pirotécnica?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2018 11:55:32

María Luisa Pierres López na data 01/08/2018 11:55:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/08/2018 11:55:43

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/08/2018 11:55:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2018 11:55:52

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 37719(10/POC-005953)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación do Centro Galego de Desenvolvemento Integral, Cegadi, do equipamento necesario para ofertar terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía, como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

A Xunta vai abrir, finalmente, o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), cinco anos despois de rematalo.

A orixe da instalación remóntase ao ano 2005, cando o Concello de Santiago lle cedeu á Xunta unha parcela de 6.000 metros cadrados. No ano 2013, a obra foi, presuntamente, rematada, pero ano e medio despois a Xunta admitiu que o complexo aínda non estaba preparado para a súa apertura. Se non se poñía un transformador eléctrico apropiado, o CEGADI podía poñer en risco o subministro das vivendas da contorna. Nese intre, a Consellería de Benestar prometeu que acometería as obras pertinentes no menor tempo posible. Como ben sabemos, non foi así. Non é ata este ano que o centro pode comezar a levar a cabo algunhas das accións que foran promocionadas.

No CEGADI ofrecerase, segundo o Goberno, “un plan integral de actuación para persoas con discapacidade”. Isto contrasta co feito de que o espazo aínda non conte sequera co equipamento necesario para realizar as “terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía” que se prometeran.



Así, estamos ante unhas instalacións que, incluso estando incompletas, foron obxecto dun investimento público de 13 millóns de euros, cuns sobrecustes de aproximadamente o 40% sobre o orzamento inicial.

A traxectoria errática do CEGADI é unha metáfora perfecta das políticas sociais do Partido Popular. As cousas fanse mal, fora de tempo e con sobrecustes que lle saen moi caros ao conxunto da cidadanía galega.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- Cando se vai dotar ao CEGADI do equipamento que precisa para ofertar terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 17:40
Nº Rexistro: 37719
Data envío: 27/09/2018 17:40:20.289



Carmen Santos Queiruga na data 27/09/2018 17:39:45

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 39029(10/POC-006124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da
continuidade dos grupos de emerxencia supramunicipal, o
asinamento dos convenios para o seu financiamento e
funcionamento e a introdución dalgún cambio nestes, así como
a súa opinión referida á situación laboral e salarial destes
grupos e a avaliación que fai da súa dotación de medios
materiais

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 13:00
Nº Rexistro: 39029
Data envío: 18/10/2018 13:00:32.284

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre os grupos de emerxencia supramunicipal.

1. O sistema galego de emerxencias ten graves carencias estruturais e funcionais, así como problemas de cobertura territorial. Esta realidade ponse de manifesto cando se producen sinistros graves como aconteceu en Angrois, Fandicosta ou na crise dos lunes do 15 de outubro de 2017.

Unha das causas desta situación é a inexistencia dun sistema público, integrado, coordinado, con mando único e con cobertura territorial en toda Galiza con tempos de resposta máximos de 20 minutos. A fragmentación e dispersión dos servizos, a diversidade competencial (Estado, Xunta, Deputacións, Concellos) e a falta de desenvolvemento normativo tamén son elementos que empecen o bo funcionamento das emerxencias.

Por outra parte existen numerosos conflitos no sector derivados de demandas laborais e salariais non atendidas por parte das administracións: emerxencias sanitarias, 112, bombeiros, servizos de extinción de incendios forestais, etc.

2. Un dos problemas é a deficiente cobertura territorial dos servizos de bombeiros. Estamos de novo diante dun sistema fragmentado e desigual, no que coexisten os parques comarcais, os parques das cidades e vilas que teñen a obriga de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 13:00
Nº Rexistro: 39029

Data envío: 18/10/2018 13:00:32.284

prestar o servizo e os grupos de emerxencia supramunicipal (GES). E a realidade é que falta coordinación e complementariedade para optimizar os medios e dar unha resposta máis áxil e eficaz.

3. Os GES foron creados no 2013 mediante un convenio a tres bandas Xunta-Deputacións-Concellos coa finalidade de cubrir zonas do territorio que non tiñan unha boa cobertura. O convenio renovouse en 2015 con unha vixencia de 3 anos, polo que remata a finais de 2018.

Estes grupos teñen un funcionamento e operatividade desigual. Nos últimos anos puxéronse de manifesto numerosos problemas derivados da falta de concreción das súas tarefas e funcións (que quedan moitas veces a criterio dos responsábeis municipais), das deficientes condicións laborais e salariais (con salarios que están por debaixo dos 1.000 euros e nos que non perciben complementos de penosidade, perigosidade, nocturnidade, festivos, etc.), da falta de medios acaídos para o seu labor (vestiario, cámaras, comunicacións, vehículos...).

4. Nestes momentos existe unha grande incerteza no persoal dos GES pola falta de información sobre a continuidade dos convenios, sobre o financiamento do servizo, e sobre as condicións laborais e salariais. Malia ter solicitado reunión coa consellaría de Presidencia non conseguiron aínda ser recibidos: nun correo do 31 de agosto recibiron a seguinte resposta “Poñerémonos en contacto á maior brevidade posible para fixar unha data de encontro, unha vez haxa dispoñibilidade en axenda”. Seguen agardando...

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto da continuidade dos GES e a sinatura de novos convenios para o seu funcionamento e financiamento?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 13:00
Nº Rexistro: 39029

Data envío: 18/10/2018 13:00:32.284

2. Ten previsto o goberno galego introducir cambios no financiamento, funcións e funcionamento dos GES?

3. Considera a Xunta de Galiza que é xusta a actual situación laboral e salarial dos GES?

4. Considera o goberno galego que a función dos GES é atender as emerxencias ou que deben facer as tarefas que lles encomenden os responsábeis municipais?

5. Como avalía a Xunta de Galiza a dotación de medios materiais dos GES?

6. Non entende que deberían contar con unha dotación mínima en todo o territorio que garanta a eficaz prestación do servizo, a salubridade e a seguridade?

7. Ten coñecemento do goberno galego do desvío para outros usos de vehículos concedidos aos concellos para as emerxencias?

8. Cando ten previsto a Xunta de Galiza recibir á AGESCA, asociación de profesionais dos GES?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 13:00
Nº Rexistro: 39029

Data envío: 18/10/2018 13:00:32.284

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 12:55:32

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 12:55:37

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 12:55:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 12:55:41

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 12:55:43

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 12:55:45

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 30982(10/PNC-002493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego de plans de formación no respecto aos dereitos humanos dirixidos ao persoal funcionario autonómico, en especial aos que levan a cabo o seu labor con persoas ao límite da exclusión social, así como a realización nos centros educativos de cursos específicos de formación na materia

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dá súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto non artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Por todos é sabido que a Declaración dos Dereitos Humanos é universal e foi proclamada en París pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, o 10 de decembro de 1948. Por primeira vez, identifícanse os dereitos fundamentais que deben ser protexidos. Agora ben, a triste realidade é outra. Non todos os dereitos son recoñecidos, vemos diariamente como moitos deles nin tan sequera son respectados. O ano pasado a Real Academia da lingua española acuñou un termo, descoñecido ata entón, aínda que na práctica cotiá nos resulte tristemente familiar, estamos a referirnos ao que se coñece como “Aporofobia”, expresión acuñada pola filósofa Adela Cortina, e cuxo significado é “odio aos pobres”. A aporofobia axúdanos a comprender moitos comportamentos sociais que están cargados de prexuízos e altamente estereotipados. A situación económica é cada vez máis un elemento de identidade, xulgamos aos outros pola nómina. Na nosa comunidade, os altos índices de desemprego conduciron a moita da cidadanía a vivir ao bordo da exclusión social. A escaseza ou a falta de recursos, son algunhas das causas, así como a baixa cualificación necesaria para atopar emprego. Esta situación describe un dos perfís máis habituais ao achegarnos a situación de pobreza, as que viven as mulleres, maiores de corenta anos, con cargas familiares e con escasa ou baixa cualificación. Son moitos os dereitos



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30982
Data envío: 15/05/2018 14:27:40.187



humanos vulnerados. Pero, pensamos que a formación e a educación é unha ferramenta fundamental para abordalos.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º Desenvolver plans de formación no respecto aos dereitos humanos, dirixidos a funcionarios/as autonómicas, especialmente aos que desenvolven o seu labor con persoas nesta situación.

2º Impartir cursos específicos nos centros educativos, formando aos alumnos/as ante os prexuízos e estereotipos que estas circunstancias levan e no respecto dos dereitos humanos ante situacións de aporofobia.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 16:30
Nº Registro: 30982
Data envío: 15/05/2018 14:27:40.187



Carmen Santos Queiruga na data 15/05/2018 14:27:01

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 37543(10/PNC-003014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas actuacións da actual familia titular do pazo de Meirás para evitar a súa devolución ao patrimonio público, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno central para ese fin

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 13:52
Nº Rexistro: 37543
Data envío: 25/09/2018 13:52:40.055

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de xullo o Pleno do Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha proposición non de lei co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado desde hai anos por historiadores e historiadoras, asociacións da memoria histórica, a Xunta pro devolución do Pazo de Meirás, e institucións coma a Deputación da Coruña e o Concello de Sada, entre outros, insta a Xunta de Galicia:

1. A que remita urxentemente o Informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia, sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, con todos os seus anexos documentais, á Administración xeral do Estado coa petición de que se realicen as accións legais a que fai referencia o informe na súa conclusión final co obxecto de reintegrar as torres ou pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración xeral do Estado.

2. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 13:52
Nº Rexistro: 37543

Data envío: 25/09/2018 13:52:40.055

3. O Parlamento de Galicia declara a súa vontade de que a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia.”

A esta data non consta que se teña activado por parte do Goberno do Estado ningunha actuación legal para recuperar o Pazo de Meirás. Pola contra, a familia Franco ten dado pasos coa intención de boicotear esta posibilidade e evitar que se acade a devolución deste patrimonio.

Ante a urxencia de que se impulsen canto antes as accións legais para incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, propoñemos a seguinte Proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución reprobar as argucias da familia Franco para intentar boicotear o proceso de devolución do Pazo de Meirás, e insta ao Goberno do Estado a que active con urxencia a demanda legal consonte o indicado na conclusión final do Informe da comisión de expertos, de acordo coa vontade unánime expresada o pasado 11 de xullo no Pleno do Parlamento de Galiza.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 13:52
Nº Rexistro: 37543
Data envío: 25/09/2018 13:52:40.055

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2018 13:51:39

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2018 13:51:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2018 13:51:47

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2018 13:51:49

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2018 13:51:50

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2018 13:51:52

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 37816(10/PNC-003036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego, en coordinación coa Fegamp, dun plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que lles garanta cada tempada aos concellos unha dotación de efectivos conforme criterios homologados

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

No mes xullo de 2017, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha serie de iniciativas e preguntas ao Goberno galego referidas á necesidade de establecer, en colaboración coa Fegamp, un plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que garanta cada tempada aos concellos que o precisen a necesaria dotación de efectivos. Estas iniciativas foron consecuencia dos problemas que estaban a sufrir moitos concellos costeiros para contar a tempo cos efectivos de socorrismo suficientes en cada areal. Estas deficiencias esixían, e esixen, a revisión do Plan Sapruga que data do ano 2001.

Durante a tempada de verán deste ano 2018 que vén de rematar, os concellos costeiros sufriron de novo serios problemas para incorporar os efectivos de socorrismo acuático necesarios. Non parece que o Goberno galego tomase medidas para evitar esta grave situación.

Os servizos de socorrismo e salvamento acuático, como indicamos en 2017, ademais de ser un elemento clave na distinción turística dos areais, constitúen sobre todo un elemento integrador dos sistemas xerais de protección civil e seguridade das persoas. Por iso, e con independencia de cal poida ser o mellor modelo de acreditación da calidade turística e de servizos das nosas praias, consideramos urxente dotar aos concellos galegos de criterios claros e homologados e de recursos suficiente para dispor en cada campaña dos efectivos necesarios de socorrismo acuático, mesmo establecéndose un marco común de condicións laborais e selección de persoal.

Necesariamente este novo marco de actuación autonómica en materia de socorrismo acuático debe estudarse e acordarse coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), e plasmarse previsiblemente nunha xa necesaria revisión e profunda actualización do Plan Sapruga.



Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a establecer, en coordinación coa Fegamp, un plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que garanta cada tempada aos concellos que o precisen unha dotación de efectivos conforme a criterios homologados.

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/10/2018 13:10:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2018 13:10:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/10/2018 13:10:35

María Dolores Toja Suárez na data 01/10/2018 13:10:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2018 13:10:49